

Acta XIII Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA
Xoves, 14 de xaneiro de 2016 na Sede da Marea (Cruz Vermella, 22, baixo)

Sendo as 20,15 horas e co quórum requirido (25 persoas) da comezo a Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta anterior
2. Balance das Eleccións Xerais e continuidade do proceso de unidade cidadá
3. Eixes centrais da acción municipal: política social, rexeneración democrática, alternativa económica e social.
4. Cuestións organizativas: - Areas programáticas
- Balance finanzas 2015 e orzamentos 2016

ACORDOS:

1. Aprobación da acta anterior. **Aprobada**

2. Balance das Eleccións Xerais e continuidade do proceso de unidade cidadá. Informa Xoán da resolución da coordinadora sobre as eleccións xerais e das propostas para EnMarea. Ábrese un debate sobre a actual composición de EnMarea e de cal debería ser de cara ao futuro. Apróbase por unanimidade a resolución da coordinadora.

“Ademais de **valorar moi positivamente o resultado xeral da candidatura de EN MAREA da que formabamos parte**. O 25 por cento dos votos logrado nestas eleccións en Galicia non só nos converte na segunda forza senón que **sitúa a EN MAREA como o motor que debe vertebrar a alternativa a Feijoo nas próximas eleccións autonómicas** de 2016.

No caso de Pontevedra, se **xa fora un grande éxito a irrupción de MAREA PONTEVEDRA nas eleccións municipais de maio** con 3.222 votos (8,15 por cento dos votos) e 2 concelleiros, agora **o resultado con 13.213 votos (o 26,66 por cento) convértenos na segunda forza no municipio e na primeira nas 29 mesas da periferia urbana popular**.

Un feito importante é que a partir de agora Marea Pontevedra **vai poder trasladar por medio da nosa deputada, Ángela Rodríguez, e da nosa senadora, Vanessa Angustia, aquelas iniciativas e preocupacións que melloren a vida das pontevedresas e pontevedreses**.

Para MAREA PONTEVEDRA **hai que empezar a preparar desde xa as vindeiras eleccións autonómicas**, nas que de seguro imos ser capaces de desprazar á dereita e configurar un goberno das persoas liderado por EN MAREA. Para iso, **o proxecto das ‘mareas da dignidade’ debe continuar o camiño emprendido, sen a tentación de reinicialo de cero, e debe superar as eivas participativas, amosadas neste último período, recuperando a iniciativa das mareas municipalistas e as súas novas formas de participación política** (primarias, programa colaborativo, código ético...)

Marea Pontevedra vai facer contactos con outras mareas e partidos que configuran EN MAREA para que **constrúa e fortaleza compoñentes comúns (coordinación, relato, simboloxía,...) que asegure un proxecto máis inclusivo e participado polas persoas**.

Nese senso maña **sábado 16**, unha delegación de 10 **membros de Marea Pontevedra participará nun encontro de Mareas municipalistas** que se celebrara en **A Estrada**.”

3. Eixes centrais da acción municipal: política social, rexeneración democrática, alternativa económica e social. Luís fai un resumo dos pasos dados a nivel municipal para facerlle presente a xente as carencias do goberno municipal a nivel de acción social, transparencia e servizos imprescindibles (transporte, PXOM); e do traballo levado a cabo polo grupo municipal con mocións, interpelacións e preguntas presentadas. Plantexa a necesidade de formular un proxecto alternativo no plano económico que visibilice a Marea Pontevedra como elemento clave na rexeneración económica que necesita a cidade, cunha grande cantidade de persoas en risco de exclusión social e cun elevado número de persoas sen emprego, e invita a participación na elaboración deste modelo económico alternativo.

4. Cuestións organizativas: sobre as áreas programáticas, informa Xoán que na área de economía se está traballando sobre un borrador que se remitirá por correo para que a xente poida facer achegas e continuar avanzando. Peque recorda as 6 áreas de traballo e convoca a unha xuntanza de todos os interesados en participar o vindeiro mércores 20 de xaneiro, ás 7 da tarde, que enlaza cunha proposta de Buyi de constituír un grupo de traballo para capitalizar a presenza de Ángela e Vanesa no parlamento. Informa tamén do censo actual, de 347 persoas, con lixeiras variacións por altas e baixas que se veñen producindo.

Xoán presenta o balance de finanzas do 2015, que é aprobado por unanimidade. E a continuación o orzamento para o 2016 que é aprobado por unanimidade

Sen máis asuntos que tratar levantase a xuntanza ás 21,30 horas.

Asinado: M^aCarmen González | exerceu de Secretaria de Actas
Xoán Hermida | Coordinador